



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# Cine e literatura galegas

Dolores Vilavedra

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**

**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Dolores Vilavedra  
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

**Materia:** Cine e literatura galegas


**Código:** G 50513 44

**Tipo de materia, ciclo e curso no que se imparte:** 2º Cuadrimestre  
Materia optativa de 3º curso do Maior Plus do Grao en Lingua e Literatura Galegas

**Número de créditos:** 6 créditos

**Profesores:**

Dolores Vilavedra ([dolores.vilavedra@usc.es](mailto:dolores.vilavedra@usc.es))  
(despacho 105, extensión 11791)

**Titorías:**

Terán lugar no despacho da profesora que imparte a materia na Facultade de Filoloxía. Os horarios fixaranse no momento en que comece a impartirse a materia.

**HORARIO:**

XOVES: 9 A 11 H. Aula 23

VENRES: 9 A 10 H. Aula 23

**EXAMES:**

G5051344	Cine e literatura galegas	Grupo CLE01	31/05/2012	09:00	Aula 7	2º Cuadrimestre
		Grupo CLE01	06/07/2012	16:00	Aula 8	2ºuadrimestre

### ***Obxectivos da materia***

-Obter unha visión panorámica da relación entre cine e literatura galega, tentando entender a singularidade desa relación como froito do contexto social e cultural no que se foi desenvolvendo.

-Poñer en práctica os instrumentos básicos de análise fílmica, especialmente os da enunciación, e comparalos cos da literaria.

-Avaliar a consideración do cine como disciplina artística, e a relación que mantén con outras, tanto dende un punto de vista sincrónico coma diacrónico.

### **Contidos**

1. Conceptos básicos da linguaxe fílmica. A narratoloxía aplicada ao cine.

Aspectos da articulación estrutural das linguaxes fílmica e literaria. Teoría da narración audiovisual e narratoloxía comparada

Outros modelos críticos para a reflexión sobre literatura e cinema. Semiótica, psicoanálise, estudos culturais, estudos de xénero

2. Historia do cine en Galicia. Os seus comezos e o inicio da súa relación coa literatura galega. “O pai de Migueliño”.

3. O cine á luz doutros paradigmas teóricos: antropoloxía e cine. O equipo Lupa.

“Sempre Xonxa”, mito e antropoloxía. “Romasanta”.

4. A literatura galega vista dende outras cinematografías: “La parranda”. Las distintas versiones de “El bosque animado”.

5. Literatura e audiovisual no mundo contemporáneo: a expansión mediática dos mundos creativos. O caso “A lingua das volvoretas” e a memoria da guerra civil.

“De profundis”: da pantalla ao libro.

6. Codificación de modalidades xenéricas: “O lapis do carpinteiro” e “Trece badaladas”.

7. Teatro, cine e literatura: “Doentes”.

### ***Bibliografía básica e complementaria***

- Becerra, Carmen (ed.), *Cine y teatro*, Vigo: Academia del hispanismo, 2009.
- Bordwell, David (2006), *El arte cinematográfico: una introducción*, Barcelona: Paidós.
- Chatman, Seymour, *Historia y discurso. La estructura narrativa en la novela y el cine*, Madrid: Taurus, 1990.
- Faro Forteza, Agustín, *Películas de libros*, Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza, 2006.
- Gaudreault, André, *El relato cinematográfico: cine y narratología*, Barcelona: Paidós, 1995.
- Hutcheon, Linda, *A theory of adaptation*, New York: Routledge, 2006.
- Manzano Espinosa, Cristina, *La adaptación como metamorfosis: transferencias entre el cine y la literatura*, Madrid: Fragua, 2008.
- Peña-Ardid, Carmen, *Literatura y cine: una aproximación comparativa*, Madrid: Cátedra, 1999.
- Pérez Bowie, José Antonio (ed.), *La adaptación cinematográfica de textos literarios: teoría y práctica*, Salamanca: Plaza Universitaria Ediciones, 2003.
- Pérez Bowie, José A. (2008), *Leer el cine: la teoría literaria en la teoría cinematográfica*, Salamanca: Universidad.
- Piñera Tarque, Ismael, *Mundos narrativos: relato literario y relato fílmico*, Kassel: Reichenberger, 2006.
- Sánchez Noriega, José Luis, *De la literatura al cine: teoría y análisis de la adaptación*, Barcelona: Paidós, 2000.
- Stam, Robert (2005), *Teorías del cine: una introducción*, Barcelona: Paidós.
- Vilariño Picos, Teresa, y Patricia Fra (eds.), *Literatura y cine. Boletín Galego de Literatura*, 27, 1, 2002.

### ***Competencias***

- Conseguir que o alumnado teña unha visión panorámica da relación entre cine e literatura galega, e que consiga entender a súa singularidade como froito das coordenadas sociais e culturais nas que se foi desenvolvendo.
- Formar o alumnado a nivela básico da posta en práctica dos instrumentos de análise fílmica, especialmente os da enunciación. Fomentar a visión comparada coa práctica da análise literaria.
- Potenciar a curiosidade polas disciplinas interartísticas e a interpretación do papel que desempeñan na sociedade actual, así como a necesidade de dotarnos de ferramentas axeitadas para o seu estudo.

### ***Metodoloxía da ensinanza***

Combinaranse as sesións expositivas coa proxección e comentario de textos literarios e cinematográficos nas sesións prácticas.

Recoméndase unha asistencia regular e puntual ás clases co fin de poder assimilar progresivamente a información e de participar na aula.

Ao comezo do curso fixaranse citas de titorías personalizadas co alumnado. Nelas a profesora fará un seguimento do proceso de aprendizaxe, o alumnado terá que demostrar o seu grao de aproveitamento e expor as súas dúbidas e ntereses concretos.

### ***Sistema de avaliación da aprendizaxe***

Exame final (70%)

Valoración da participación en clase (30%)

Serán obxecto de estimación positiva a corrección ortográfica e gramatical e a propiedade na expresión oral e escrita, así como a coherencia lóxica do discurso e a capacidade de síntese.

Os criterios expostos manterán validez nas calificacións de maio e nas de xullo. Excepcionalmente, e sempre que se informa á profesora no seu momento (nunca a posteriori) teranse en conta circunstancias individuais que condicionen o seguimento das tarefas no día a día.

Prevese tamén a fórmula de pactar coa profesora a realización dun traballo voluntario que valería un 30%: nese caso o exame pasaría a valer un 40%.

### ***Recomendacións para o estudo da materia***

Como a súa denominación indica, a materia céntrase tanto no cine coma na literatura. Polo tanto, non se trata só de ver filmes senón que tamén cómpre realizar a lectura dos textos literarios citados arriba no apartado de "Contidos" e, máis puntualmente, de textos teóricos. Ditas lecturas non son voluntarias senón que serán obxecto de avaliación.

### **Distribución do traballo. Calendario**

Trátase dunha materia de 6 créditos que prevé logo 150 horas de traballo do alumno.

Actividades presenciais:

-sesións expositivas: 2 h. por semana

-sesións de seminario 1 h. por semana

Actividades non presenciais dirixidas (lecturas e visionados): 50 h.

Actividades non presenciais libres (estudo): 50 h.

### **SESIÓNS PRESENCIAIS (cronograma orientativo)**

2 e 3 febreiro. Tema 1

9 e 10 febreiro. Tema 2.

16 e 17 febreiro. Tema 3.

23 e 24 febreiro. Tema 3

1 e 2 marzo. Tema 4

8 e 9 marzo. Tema 4

15 e 16 marzo. Tema 4

22 e 23 marzo. Tema 5

29 e 30 marzo. Tema 5

12 e 13 abril. Tema 5

19 e 20 abril. Tema 5

26 abril. Tema 6

3 e 4 maio. Tema 6

10 e 11 maio. Tema 6

24 e 25 maio. Tema 7